Repertorio Xan Bello Mallou

The musical score for 'Rumba de Mallou' is written in 2/4 time with a key signature of one sharp (F#). It begins with a repeat sign. The score consists of five staves of music. The first staff contains a whole note followed by a half note, then a quarter note, and a half note. The second staff contains a quarter note, a half note, and a quarter note, followed by a first ending bracket and a second ending bracket. The third staff contains a quarter note, a half note, and a quarter note, followed by a first ending bracket and a second ending bracket. The fourth staff contains a quarter note, a half note, and a quarter note, followed by a first ending bracket and a second ending bracket. The fifth staff contains a quarter note, a half note, and a quarter note, followed by a first ending bracket and a second ending bracket. The score ends with a double bar line and the marking 'D.S.' (Da Capo).

- Pasodoble de San Roque

Pasodoble de San Roque

Tradicional
Repertorio dos Irmáns Portela

The musical score for "Pasodoble de San Roque" is written for two staves in G major (one sharp) and 2/4 time. The piece consists of several measures, including a first ending with a repeat sign and a second ending. Various triplets are indicated by the number "3" above the notes.

3

1.

2.

D.C. tres veces
e Coda

⊕ Coda

- Pasacorredoiras de Fonsagrada

Pasacorredoiras de Fonsagrada

Tradicional



The musical score is written for organ and consists of four systems, each with two staves. The notation is as follows:

- System 1:** The first staff begins with a treble clef and a key signature of one flat. It contains a series of eighth and sixteenth notes, followed by a half note. The second staff continues the melody with similar note values.
- System 2:** Continues the melodic line with eighth and sixteenth notes, ending with a half note.
- System 3:** Continues the melody, ending with a measure marked '1.' which contains a half note.
- System 4:** Continues the melody, ending with a measure marked '2.' which contains a half note. This is followed by a section marked 'D.S.' (Da Capo) which repeats the first two measures of the first system.

ANEXO III

A MÚSICA NO MOSTEIRO DE CELANOVA

Texto: Miguel Anxo González García
Coengo-arquiveiro da Catedral de Ourense

A xeito de guión do que podería ser un ambicioso e interesante estudio sobre a música en Celanova, son as seguintes páxinas. Non se espere delas pois o rigor erudito dun traballo longamente elaborado e debidamente contrastado. Sinalamos unhas pautas e abrimos uns interrogantes-resposta cos cales restará máis ben nun equipo interdisciplinar que complete e esgote este suxestivo tema que habería de ter unha continuación na recollida e estudio do folclore da comarca e que xa ten capítulos concluídos como é o da Historia da Banda de Música que realizou Antonio Piñeiro nun libro editado pola Deputación Ourenzá ou o Itinerario Histórico-Musical editado pola editorial “Ouvirmos”.

Así pois isto non é máis ca unha sinxela divulgación que serviu coma fío condutor da conferencia que sobre a tema "A música en Celanova", deu o autor na Igrexa conventual en marzo de 1995.

A LITURXIA DAS HORAS

"Ora et labora" é como a condensación da vida monacal. Un ora que se fai canto, porque ademais como recordan os monxes (moi especialmente San Agustín) o canto é como rezar dúas veces. A xornada do monxe artéllase nun ritmo sereo no que se alternan a canto das horas litúrxicas, o traballo e o descanso. As horas litúrxicas distribúense ó longo dun ciclo semanal co canto dos salmos, ós que se engaden algúns himnos do Antigo e Novo Testamento, antífonas e himnos compostos en diversos momentos en loubanza do misterio ou santo que se celebra.

A liturxia das horas, tal como se distribuía ata tempos moi recentes, consta de “maitines”, que é o oficio nocturno; os “laudes” chamados tamén horas menores; a “tercia”, a “sexta” e a “nona”, así denominadas por corresponder ás horas do día segundo a cómputo romano; ademais das “vísperas” que son a pregaria vespertina, pechándose o día co canto das “completas”.

Estes salmos, himnos e antífonas estaban compostos en canto grave a excepción dalgúns himnos que incluso poderían ser polifónicos.

Os monxes bieitos de Celanova, pois, polo seu propio xénero de vida deben coñecer as regras do gregoriano, polo que entre os oficios monásticos debería existir un mestre de coro, e diversas obras de arte que se encargan para o mosteiro estarían directamente relacionadas con esta obriga coral da regra de San Bieito. É dicir, que falar de Celanova en canto mosteiro bieito obríganos a falar dunha preocupación pola música.

A Regra de San Bieito, no capítulo VIII e seguintes, regula e determina aspectos relacionados co canto, nunca considerado como un fin en si mesmo, ou sexa, como un exercicio meramente estético, senón como un xeito privilexiado de loubanza a Deus.

Así, por exemplo no capítulo XIX titulado “De presente e que en onde queira meran os ollos do Señor ós bos e ós malos e maiormente debemos crer sen dúbida que e así cando

asistimos á obra de Deus". Polo tanto, pois, debemos ter presente o que di o profeta: serveide ó Señor con gusto e noutra parte cantade con gusto e atención. E noutro lugar: En presenza dos anxos loareite. Consideremos, pois, de qué xeito convén estar en presenza de Deus e dos seus anxos e de tal modo asistamos a cantar e que a nosa mente concorde coa nosa voz.

OS COROS

Esta ocupación primordial do monxe condiciona, como é lóxico, o plano, a arquitectura e moitos das encargos artísticos do mosteiro.

Directamente relacionado coa celebración da liturxia monástica é o coro ou conxunto de estalos e sitiais que se dispón no medio da nave da Igrexa, que está só destinado á comunidade, xa que o pobo normalmente ten a súa parroquia en edificio distinto, ou na parte alta superior da Igrexa. Sitiais que ocupan os monxes durante o canto das horas, formando simetricamente dous coros que se alternan na recitación das salmos.

O eixo do coro é o sitial do abade que preside, como no caso do Coro Alto celanovés ou ben en caso de estar aberto, como sucede no Coro Baixo, os sitiais primeiros de cada lodo teñen o presidencia, unha ocúpaa o abade e outra o prior. Este uso fai que se denominen respectivamente coro do abade e coro do prior. No centro instálase o facistol ou gran atril no que se colocan os libros cantorais para poderen ser lidos á vez por varios monxes.

Os sitiais contan con asento abatible para facilitar os momentos nos que o monxe se sente e nos que permanece en pé. Para facerlle máis livián o tempo nesta postura erguida adórnase na súa cara inferior cun apoio que se chama "misericordia" ou "paciencia" e que artisticamente é moi interesante por admitir temas decorativos de moi diversa índole, entre os que non faltan os picarescos e bufos.

Xa queda dito que Celanova ten nada menos que dous coros. O máis antigo é o que hoxe está situado no coro alto. Trátase dun conxunto de cadeiras excepcional dentro dos gustos do último gótico de finais do século XV ou principios do XVI, con taboleiros calados con formas xeométricas. O coro baixo, pola súa banda, é de estilo barroco, atribuído ó escultor Castro Canseco e que leva nos seus respaldos altas figuras enteiras de santos e nos baixos escenas labradas coas vidas de San Bieito e San Rosendo.

O propio destino dos coros, tan relacionados coa música, invita ós artistas a incluír entre a temática decorativa temas alusivos á arte musical. Así, non é difícil detectar unha curiosa representación dun gaiteiro no coro gótico, como tampouco faltan anxos músicos no barroco e unha ampla representación de instrumentos musicais da época.

O GREGORIANO

Dixemos que o gregoriano é o canto grave utilizado na liturxia das horas. Por iso é conveniente dedicarlle un breve apartado.

O gregoriano, ou canto grave, é o canto propio do Igrexa Romana. Ten as tres características que Pío X dicía que "debe ter toda música relixiosa, é dicir, santidad, bondade de formas e universalidade".

Por resumir as súas principais características, estas cinco son os máis destacadas:

- Non ten medida, nin síncopa.
- É puramente vocal.
- É diatónico, é dicir que non admite cromatismos

- Consta de intervalos fáciles.
- É puramente melódico.

O canto gregoriano é de orixe moi antigo e particularmente na época medieval compuxéronse moitas melodías. Seguindo os pautas da estética gregoriana no decurso dos séculos seguíronse compoñendo obras, especialmente composicións para os novos oficios de santos e festas que se introduciron no calendario litúrxico con posterioridade. Aínda que xa nada ten que ver coa interpretación do gregoriano polos monxes bieitos de Celanova (xa que o exclaustro pechou definitivamente a súa existencia entre os claustros) temos que mencionar a restauración gregoriana que en tempos modernos se levou a cabo na abadía francesa de Solesmes, revitalizándose dende entón o uso desta música de sempre.

Tamén como mera anotación haberá que supor que unha das composicións máis antigas que se conservan e que se pode pensar con certa lóxica que se utilizara en Celanova é o Himno do Oficio, propio de San Torcuato, de época remota, de melodía sinxela e que se conserva na catedral de Toledo. Supomos que en Celanova poderíase ter utilizado por conservarse na Igrexa conventual as reliquias deste santo varón apostólico, suposto discípulo do Apóstolo Santiago.

CANTORAIS

En relación coa liturxia monástica das horas e co gregoriano, están os cantorais.

Cantoral denomínase un libro, xeralmente de pergameo, de gran tamaño, que contén os textos con notación musical da liturxia das horas. Colócase sobre grandes atrís ou sobre o facistol para que poida ser utilizado por varias persoas á vez. As letras iniciais ou “capitais” adoitan miniarse con temas alusivos ó oficio ou ó misterio que o músico e os textos celebran.

Celanova posúe unha interesante colección de cantorais, que por desgracia non son tódolos que posuíu o mosteiro e tampouco chegaron todos coa integridade necesaria. Felizmente en 1995 procedeuse á súa dignificación e exposición en adecuadas vitrinas. A súa catalogación musical foi realizada polo musicólogo Javier Garbayo e o que isto escribe.

A vintena de libros cantorais de Celanova e de pergameo, que como é ben sabido é de pel de becerro non nado, axeitadamente curtida. É soporte de escritura caro pero especialmente conveniente pola súa consistencia e duración, que aseguraba unha longa vida a uns libros de amplo uso. Poden datarse no século XVIII xa avanzado.

É indubidable que existiron outros anteriores e que a súa renovación sería constante. Non é infrecuente, sucede tamén coa documentación de Celanova, que follas das substituídas se usen para gardar escrituras ou encadernacións de códices.

Son estes cantorais moi sinxelos, escritos a dúas cores, negro e vermello, as iniciais destacan en tamaño e adórnanse con motivos case exclusivamente xeométricos. Os grandes mosteiros tiveron oficios dedicados á escritura destes libros, con bos calígrafos pendolistas. É probable que isto sucedera en Celanova, aínda que noutras ocasións os encargos realízanse en talleres de fóra que acreditan unha alta calidade neste labor.

O ARQUIVO MUSICAL

Da existencia dun rico arquivo musical no mosteiro de Celanova non nos cabe o menor dúbida. O seu final hai que situalo, como o de tantas realidades e riquezas celanovenses,

na desamortización. Recompolo é tarefa farto difícil polo descoñecemento que temos actualmente de inventarios ou catálogos antigos, que é case seguro que existiron.

Tampouco podemos aclarar convenientemente cal foi o destino de todas estas obras. Algunhas chegaron á catedral de Ourense, probablemente, coma outras obras de Celanova, polo conduto do derradeiro abade Don Bonifacio Ruiz, que foi coengo na Catedral auriense.

Teño por seguro que as partituras do século XVIII, do Arquivo Musical do Catedral, que conteñen música para órgano do Padre Antonio Soler, proceden de Celanova, pois hai que recordar que este gran compositor de música de clave e de órgano do século XVIII estudou en Monserrat, foi monxe xerónimo no Escorial, pero mantivo sempre unha excelente relación coa abadía catalá onde mandaba tódalas súas obras de órgano que eran moi apreciadas. As relacións que existían entre as abadías bieitas xustifica o intercambio de obras musicais e explica a presenza deste músico en Celanova.

Non cabe dúbida da procedencia celanovesa dunha obra moi importante de música polifónica do século XVI. É un libro impreso con fermosos gravados e que nun escudo do súa portada, orixinalmente en branco, ten debuxado o escudo do abadía de San Rosendo como sinal indiscutible da súa orixe.

Trátase dunha excepcional obra de polifonía, en dúas páxinas postas cara a cara, ofrece fragmentos igualmente longos, de tódalas voces; por exemplo, no seguinte orde: Soprano, baixo, contra-alto e tenor, de modo que, colocando o libro nun atril todo o coro podía servirse del.

Este libro de polifonía da Catedral, que contén composicións dos grandes mestres europeos do século XVI, supón unha importante presenza da música "moderna", que declara os gustos nada arcaizantes da abadía bieita do século XVI.

No arquivo musical non faltarían copias de música gregoriana, composicións de polifonía e música para órgano.

Non é difícil, polo tanto, aventurar a existencia de obras de monxes do propio mosteiro e composicións para a liturxia propia do mesmo, como serían os oficios e misas de San Rosendo e San Torcuato.

O ÓRGANO

O órgano é por excelencia o instrumento musical da liturxia católica. Por elo a súa presenza detéctase en tódalas grandes igrexas e mosteiros e xa dende a Idade Media figura entre o mobiliario das mesmas.

En Celanova é probable unha antiga existencia e uso do órgano e unha continua renovación do instrumento, como sucede noutros casos de mellor coñecemento, se ben as novas concretas que posuímos sobre el son do século XVIII.

En 1710, o 15 de decembro, ó gran escultor barroco, tan activo en Celanova, Francisco de Castro Canseco, contrata a caixa dun órgano ó prezo de 8.000 reais. Este mesmo escultor realizaba en datas un pouco posteriores as caixas dos órganos da Catedral de Ourense. Nin o de Celanova nin o da Catedral se conservan, pero non nos é difícil imaxinarmos a súa calidade e estilo por ser da obra de Castro Canseco, ven coñecido, dentro duns esquemas barrocos moi aceptables.

A finais do século XVIII renóvase o órgano e a súa caixa, que é o que actualmente se conserva, colocada na parte esquerda do Coro Alto, sobre unha balconada ou tribuna que se alonga cara a nave, situación que é moi habitual en igrexas con coro alto ós pes do templo. É de estilo rococó.

Decórase con instrumentos musicais, símbolos abaciais e do mosteiro, rematando a fachada con cinco anxos tocando instrumentos de vento.

O instrumento construído en 1776 polo organeiro franciscano Frei Felipe de la Peña, tal como desvela a inscrición do segredo, así como a reforma con ampliación do teclado que fixo en 1801 o organista de Xunqueira de Ambía, Don Francisco Urumburu: "*Se hizo este órgano siendo abad de este monasterio el Rvdo. Padre Simón de Robles, prior general de su religión. Lo hizo el R. Fray Felipe de la Peña, religioso de nuestro Padre San Francisco hijo de esta provincia y natural de la ciudad de Santiago. Rueguen o Dios por él. Año 1776*". E na caixa de foles da dereita debaixo do teclado: "*Se apeó este órgano y se le añadió el segundo teclado y los fuelles de cigüeña por D. Francisco Urumburu, organista de la insigne Colegiata de Junquera de Ambía, 1801*".

Da importancia e calidade deste instrumento non podemos dubidar porque o organeiro Frai Felipe de la Peña tivo adquirida fama e a súa actuación como tal fabricante de órganos detéctase en igrexas de prestixio que loxicamente contrataban ós mellores especialistas.

Hai que lamentar que o órgano histórico se perdera lamentablemente dende que mediados os anos cincuenta do pasado século se substituíra o seu sistema mecánico por un sistema eléctrico que instalou a casa Amezúa e Cia., de San Sebastián.

Sen embargo, co comezo do novo século, a grandeza musical e artística que historicamente viña definindo este instrumento viuse de novo renovada cos traballos de reconstrucción levados a cabo pola casa suíza "Organería Spath", que baleirou tódolos elementos residuais do órgano eléctrico dos anos 50 e levou a cabo un traballo de construción dunha nova maquinaria mecánica conformada por 32 rexistros en dous teclados manuais e un pedaleiro, así como 1.827 tubos.

Así mesmo a consola foi reintegrada de novo no corpo do instrumento, como estaba en orixe. Adoptouse esta solución, xa que se houbera que construír unha consola independente sería preciso realizar obras de arquitectura complicadas, pois habería que aumentar o corredor, alterando incluso o coro alto.

Como xa ten sido referido, a tracción do movemento das teclas e dos rexistros tamén se devolveu á práctica tradicional, tal como estaba construído o órgano primitivo; os tiradores dos rexistros foron realizados en madeira de nogueira, torneados ó estilo dos órganos históricos; e os que conectan as teclas coas válvulas, en varíñas de abeto fino, con escadras de madeira de arce e taboleiros de redución en madeira de carballo; os molinetes en ferro tratado con produto antioxidante e especialmente adaptado ás condicións da igrexa de Celanova, onde existe un moi alto grado de humidade.

LITURXIAS EXTRAORDINARIAS

Se habitualmente a liturxia sobria se acompañaría exclusivamente polo órgano, Celanova coñeceu momentos nos que se despregou o complexidade doutros modos de facer música, contando con músicos instrumentalistas que utilizaban como instrumentos os sacabuches, óboes, chirimías, lombardas, cornetas, frautas de pico, trompetas...

A modo de exemplo destas liturxias extraordinarias pódenos servir a que en 1601 se celebrou con motivo do colocación das reliquias de Son Rosendo e San Torcuato nos arcos de prata primorosamente labradas polos prateiros vallisoletanos, Juan de Nápoles e Marcelo de Montanos, que aínda hoxe os conteñen.

O culto solemnísimos e as reliquias, motivo de indubidable prestixio para quen as posuise, motivou unhas celebracións suntuosas que son descritas con impagable

minuciosidade na "Celanova ilustrada". Para a solemnización deste acontecemento contouse con músicos e cantores das catedrais de Santiago e Ourense, enviados obsequiosamente polos respectivos cabidos. Dirá o relato: *"Juntas las capillas de músicos y ministriles de Santiago y Orense, como las voces eran tan buenas y diestras, alegraron la fiesta con letras, motetes, romances y villancicos, especialmente en las primeras y segunda vispera y en las tres misas cantadas a canto de órgano, la de la vispera, la del día de la fiesta y la del día siguiente"*.

OUTRAS REFERENCIAS MUSICAIS TRALA DESAMORTIZACIÓN

Queremos terminar este apunte divulgativo e instigador a unha investigación rigorosa sobre o tema, sinalando algúns capítulos desta historia musical celanovense trala Desamortización, que baleirou de sons e deixou de ser o alma da vida monástica a solemne arquitectura do mosteiro.

Os sucesivos ocupantes do mosteiro tiveron o súa propia vida musical. Así, os P.P Escolapios co seu colexio crearon e mantiveron moi activo un coro de escolantes. As misas de Perosi, con tanta e merecida fama, interpretábanse nas grandes solemnidades, como recordan aínda os máis vellos da vila.

Así mesmo durante o guerra civil e a posguerra, cando o mosteiro foi habilitado como cárcere de presos políticos, a presenza de reclusos vascos, moi ben dotados para a música, fixo nacer un coro que actuaba publicamente e cuxa calidade ó parecer era tamén moi notoria.

Finalmente tamén habería que historiar o comezo e vida da Coral Solpor, felizmente viva e compañeira habitual das solemnes celebracións que periodicamente teñen lugar na igrexa. E entre a música con connotacións celanovesas débese mencionar o xa popular himno a San Rosendo, composto por Manuel de Dios, a instancias do gran devoto San Rosendo e fillo adoptivo de Celanova, o chorado Anxel Martínez "Anxo".

ANEXO IV

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALBERGUE MUNICIPAL DE CELANOVA

ARTIGO 1: FUNDAMENTO, NATUREZA E OBXECTO

De conformidade co previsto nos artigos 15 a 19 en relación co 20.4 fi) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de albergue municipal.

ARTIGO 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización do albergue como medio de aloxamento, así como de manutención no seu caso.

ARTIGO 3º: SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, os grupos de 20 a 50 persoas que soliciten os servizos que constitúen o feito imponible, sempre que existan prazas de aloxamento sen ocupar.

ARTIGO 4º: CUOTA TRIBUTARIA

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas por persoa e día referidas a continuación:

ALOXAMENTO	10 €
ALOXAMENTO E ALMORZO	12 €
ALOXAMENTO, ALMORZO, XANTAR E CEA	21 €
ALOXAMENTO, ALMORZO, XANTAR, MERENDA E CEA	24 €

ARTIGO 5º: DEVENGO

A taxa regulada por esta ordenanza devengarase cando se inicie a prestación do servizo, que se entenderá producida no momento no que se efectúe a reserva, sen que poida realizarse a prestación sen o previo pago da tarifa procedente.

ARTIGO 6º: NORMAS DE XESTIÓN E PAGAMENTO

6.1.- O pagamento da taxa ó que se refire esta ordenanza efectuarase cando se inicie o servizo, isto é no momento no que se efectúe a reserva e en todo caso antes de que teña lugar a entrada no albergue. Sen o devandito requisito a prestación non terá lugar.

6.2.- Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non se preste o servizo procederá a devolución do importe correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

ANEXO V

Avaliación do concerto ao alumnado

Nome	Apelidos
Curso	Grupo

1. Que función ten o órgano nos mosteiros?
2. Cando se restaurou este instrumento de Celanova?
3. Coñecías este instrumento e a que familia pertencía?
4. De que estilo musical é a “Toccat e fuga” de J. S. Bach?
5. Para que servían os tubos horizontais que están na fachada e que son propios dos órganos españois?
6. Que é unha batalla?
7. Que nome reciben en España as variacións sobre unha canción popular?
8. Cal é a forma musical que antecede a unha fuga? Como se chama?
9. Para recoñecer os rexistros labiais a organista interpretou unha obra moi coñecida que pertence á música popular. Como se chama a autora da poesía?
10. Escribe un comentario da actividade: Qué che pareceu o concerto, as obras, a introdución, a evolución do instrumento, resultou interesante a actividade, razoa porqué e que che achegou persoalmente.

ANEXO VI

Enquisa do concello

Responde ás seguintes cuestións sobre o concerto:

- ✓ ¿Que parte che gustou máis, a teórica ou a sonora?
- ✓ ¿Pareceche interesante a información?

☐	NADA
☐	POUCO
☐	BASTANTE
☐	MOITO

- ¿Parecéronche claras as explicacións da concertista?

☐	NADA
☐	POUCO
☐	BASTANTE
☐	MOITO

- ✓ ¿Entendes un pouco máis o instrumento órgano?

☐	NADA
☐	POUCO
☐	BASTANTE
☐	MOITO

- ✓ ¿Gustaríache que non concerto estivesen alumnos doutros centros?

☐	NADA
☐	POUCO
☐	BASTANTE
☐	MOITO

- ✓ ¿Que che pareceron as pezas musicais con órgano só?

- ✓ ¿Que opinas da interpretación da organista?

- ✓ ¿Que che pareceu o feito de tocar todos xuntos co órgano?

- ✓ ¿Que sensacións tiveches mentres tocabas?

- ✓ ¿Pareceche que saíu ben a peza?

- ✓ ¿Fixeches algunha actividade complementaria na túa visita a Celanova?

- ✓ (Visita guiada ó mosteiro, Casa de Curros, etc.) Indica a actividade e achega a túa valoración. Gustoume:

☐	NADA
☐	POUCO
☐	BASTANTE
☐	MOITO

- ✓ ¿Que che pareceu, en xeral, a organización da vosa visita a Celanova?

Puntúa do 1 ó 5 (1=moi mal / 2= mal / 3= regular / 4= ben /5= moi ben)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.

¿Observacións (inclúe neste apartado tódalas achegas que desexes facer e que non contéplense no cuestionario)